A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

14 .- RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA POR REPARO RELATIVA AO "SERVIZO DE EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE PAVIMENTOS NOS VIARIOS MUNICIPAIS, EXCLUÍDO O ÁMBITO DO RECINTO INTRAMUROS DA CIDADE HISTÓRICA-CAMPAÑA COMPLEMENTARIA 2018"

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 11.9.18, así como do informe de Intervención nº 2018/538, de 12.9.18, con reparo suspensivo; e da resolución de discrepancia por reparo da alcaldía, de data 17 de setembro de 2018, do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA POR REPARO

En Santiago de Compostela, o 17 de setembro de 2018, o Sr. alcalde D. Martiño Noriega Sánchez dita a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

1. A intervención municipal emitiu o informe nº 538/2018, do 12.9.2018, con reparo suspensivo, ao abeiro do artigo 216 da LRFL, con relación á proposta de adxudicación do contrato "Servizo de

execución de diversas operación de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histótica- Campaña complementaria 2018" favor da sociedade mercantil Obras y Viales de Galicia SL no importe de 100.000 € máis IVE.

Argumenta que noutro informe de fiscalización previa do 29.6.2018, nº 337/2018, xa suscitou o incumprimento en materia de fraccionamento do obxecto do contrato tendo en conta os antecedentes doutras licitacións anteriores da mesma natureza.

2. O informe nº 12/2015, do 6.4.2016, resume a doutrina da XCCA sobre o fraccionamento ilegal do obxecto do contrato (artigo 86.2 da anterior LCSP) no apartado 4 das súas consideracións xurídicas:

"4. Esta Junta Consultiva considera que con carácter general le corresponde al órgano de contratación decidir si para dar satisfacción a varias necesidades tramita uno o varios expedientes de contratación. Esta discrecionalidad para configurar jurídicamente la licitación y contratación de dos o más prestaciones encuentra su límite en el principio de no división fraudulenta del objeto del contrato que establece el artículo 86.2 del TRLCSP.
En este sentido es reiterada la doctrina de esta Junta Consultiva (informes nº 31/12, de 7 de mayo, 1/09, de 25 de septiembre, 16/09, de 31 de marzo de 2009, 57/09, de 1 de febrero, 69/08, de 31 de marzo, entre otros) en el sentido de que esta norma tiene por objeto tratar de evitar el fraude legal tendente a la elusión de la aplicación de ciertas normas en materia de publicidad y relativas a los procedimientos de adjudicación cuya exigibilidad depende del valor estimado del contrato. No es su finalidad, según esto, obligar a agrupar en un solo contrato prestaciones distintas por el simple hecho de que compartan la misma naturaleza y puedan ejecutarse de forma conjunta, si son independientes entre sí y es perfectamente posible no solo contratarlas por separado sino incluso su explotación en forma también independiente. En realidad el citado principio de no fragmentación fraudulenta del objeto del contrato solo operará cuando pueda hablarse de "fragmentación" como tal, esto es, según reiterada doctrina de esta Junta Consultiva (informe

31/12, entre otros), cuando entre las diferentes prestaciones que pretenden contratarse (o partes de éstas) exista un vínculo operativo. Cuando este sea el caso la discrecionalidad del órgano de contratación para tramitar una pluralidad de expedientes de contratación que culminen en una pluralidad de contratos se encontrará con el límite del citado principio que consagra el artículo 86.2 del TRLCSP.

Sin perjuicio de la obligación del órgano de contratación de que su decisión de tramitar uno o varios expedientes de contratación no tenga una motivación fraudulenta con arreglo a lo establecido en el artículo 86.2 del TRLCSP, es legítimo que la misma responda a razones de eficacia. En este sentido esta Junta Consultiva en su doctrina viene defendiendo de manera reiterada que "el objeto del contrato debe estar integrado por todas aquellas prestaciones que estén vinculadas entre sí por razón de su unidad funcional impuesta por una mejor gestión de los servicios públicos. Ello, a su vez, supone que, a sensu contrario, cuando del tratamiento unitario de todas estas prestaciones se derive un beneficio para el interés público que deba decaer ante un mayor beneficio derivado de su contratación por separado o cuando ésta sea exigencia de la necesidad de dar cumplimiento a una disposición legal, la contratación por separado de las distintas prestaciones no debe considerarse contraria a lo dispuesto en el artículo 74.2 de la Ley (actual artículo 86.2 del TRLCSP)" (informe 16/2009, entre otros)..."

E nas conclusións nº 2 e 3 do devandito Informe, a XCCA sostén:

"2. Con carácter general le corresponde al órgano de contratación decidir si para dar satisfacción a varias necesidades tramita uno o varios expedientes de contratación. Esta discrecionalidad para configurar jurídicamente la licitación y contratación de dos o más prestaciones encuentra su límite en el principio de no división fraudulenta del objeto del contrato que establece el artículo 86.2 del TRLCSP. El citado principio solo operará cuando pueda hablarse de "fragmentación" como tal, esto es, cuando entre las diferentes prestaciones (o partes de éstas) exista un vínculo operativo.

3. El objeto del contrato debe estar integrado por todas aquéllas prestaciones que estén vinculadas entre sí por razón de su unidad funcional impuesta por una mejor gestión de los servicios públicos. Ello, a su vez, supone que, a sensu contrario, cuando del tratamiento unitario de todas estas prestaciones se derive un beneficio para el interés público que deba decaer ante un mayor beneficio derivado de su contratación por separado o cuando ésta sea exigencia de la necesidad de dar cumplimiento a una disposición legal, la contratación por separado de las distintas prestaciones no debe considerarse contraria a lo dispuesto en el artículo 86.2 del TRLCSP."

3. Á vista da doutrina, entendemos que está cumpridamente xustificada a contratación independente dos traballos definidos no proxecto obxecto de licitación, como resulta do informe explicativo complementario que acaba de elaborar o arquitecto xefe do Servizo de obras, que é como segue:

"A Xunta de Goberno na sesión do día 07/10/2016 adoptou o acordo de adxudicación do contrato de *"Servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da Cidade histórica de Santiago de Compostela (2016). Lote 1: ámbito Plan Especial PE-1 da Cidade histórica excluído o recinto intramuros. Lote 2: ámbito urbano e periurbano excluído o Plan Especial PE-1 da Cidade histórica. Lote 3: ámbito medio rural"* **(XOB/293/2016 - CON/22/2016).**

O acta de inicio da prestación do servizo asinase o 10/11/2016, iniciándose o servizo o día 11/11/2016, cunha duración do contrato dun (1) ano prorrogable por un ano mais, así a Xunta de Goberno na sesión do día 03/11/2017 acorda a concesión da prórroga do contrato.

A vista do remate do contrato actual de mantemento de pavimentos (novembro 2018), con data do 13/06/2018 iníciase a tramitación do novo contrato por procedemento aberto **(XOB/110/2018 - CON/18/2018)**, que permitirá dispor deste servizo por dous (2) anos prorrogable outros dous, e có seguinte orzamento contractual:

Periodo anual contractual	Importe			Total
	Lote 1	Lote 2	Lote 3	
Año 1	549.999,99 €	299.999,99 €	149.999,99 €	999.999,97 €
Año 2	549.999,99 €	299.999,99 €	149.999,99 €	999.999,97 €
Total orzamento xeral	**1.099.999,99 €**	**599.999,98 €**	**299.999,97 €**	**1.999.999,94 €**

Ante a inminente finalización do vixente contrato (CON/22/2016), prevista para o 11/11/2018, debido á prolongada tramitación que require o novo contrato (procedemento aberto de importante contía) e cara a evitar ter un período sen o correspondente servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos, o Concelleiro de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, trala consulta realizada nos Servizos de Contratación, deu instrucións ao Servizo de Proxecto e Obras de iniciar un novo expediente, denominado:

SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE PAVIMENTOS NOS VIARIOS MUNICIPAIS DO TERMO MUNICIPAL EXCLUÍDO O ÁMBITO DO RECINTO INTRAMUROS DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-CAMPAÑA COMPLEMENTARIA 2018 **(XOB/296/2018 - CON/33/2018)**

Se trata dun contrato orientado á conservación, mantemento e reparación de pavimentos (como os outros), sen lotes, e "complementario", é dicir, dirixido a complementar o período que non abarca o anterior e que permita dispor do servizo de mantemento de pavimentos ata que se produza o inicio do contrato de bianual."

Débese trer en conta, finalmente, que a licitación da que falamos foi obxecto de convocatoria pública as empresas tiveron a oportunidade de presentar proposicións e de facto presentáronse numerosas ofertas, polo que se respectaron rigorosamente os principios de publicidade e concorrencia.

Polo exposto, consonte os artigos 216 e seguintes da Lei reguladora de facendas locais (Rdlex. 2/2004, do 5 de marzo) e as bases de execución do orzamento,

RESOLVO

Primeiro. Resolver a discrepancia e o reparo que contén o informe de intervención nº 538/2018, do 12.9.2018, e levantar a suspensión da disposición e recoñecemento da obriga á que se refire.

Segundo. Remitirlle o expediente á Xunta de Goberno Local para os efectos do artigo 29.1.3 das bases de execución do orzamento."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar o recoñecemento de obrigas correspondente ao "Servizo de execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica- Campaña complementaria 2018" a favor da sociedade mercantil Obras y Viales de Galicia SL polo importe de 100.000 € máis IVE.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández

SECRETARIA CONCELLO DE SANTIAGO